

Esta mesma solicitude, unha vez remitida a través da web, deberán imprimila, asinala o/a solicitante e obter tamén a sinatura da autoridade do concello da que dependa, enviándoa á Deputación Provincial de Ourense-Departamento de Formación Continua (fax: 988 38 52 15), rúa Progreso nº 30, 32003 Ourense, ou segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Listaxe de solicitudes seleccionadas.

O día 4 de decembro de 2009 publicárase tanto a Deputación Provincial de Ourense (Departamento de Formación Continua (teléfono: 988 38 51 42) como a Academia Galega de Seguridade Pública (no sitio web <http://Agasp.xunta.es>) a listaxe das solicitudes de participación que resultaren seleccionadas.

Obrigas das persoas seleccionadas.

As persoas que resulten seleccionadas teñen a obriga de participar no desenvolvemento da actividade, agás que comunicasen a súa imposibilidade de asistencia con cando menos 48 horas de antelación ao comezo desta. Esta renuncia deberase comunicar por escrito á Agasp, por correo electrónico ao enderezo formación.Agasp@xunta.es ou por fax ao número 886 20 61 22.

Noutro caso serán excluídas automaticamente da selección para as dez seguintes actividades que se convoquen, para as que reúna os requisitos exixidos de participación (artigos 18 e 21 do Regulamento de réxime interior da Agasp, en relación co artigo 46 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro).

4. Desenvolvemento da actividade.

Lugar: Por determinar.

Horario:

Días 11 e 18 de decembro: de 17.00 a 21.00 horas.

Días 12 e 19 de decembro: de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.30 horas.

Datas: 11, 12, 18 e 19 de decembro de 2009.

Certificado de asistencia:

Ao remate da actividade entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada nela.

5. Baremación da actividade.

Para os efectos do previsto nos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do 2 de febreiro, esta actividade terá unha baremación de 0,300 puntos.

6. Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e

deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG nº 30, do 12 de febreiro).

7. Modificacións e incidencias.

Tanto a Academia Galega de Seguridade Pública como a Deputación Provincial de Ourense poderán modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 5 de novembro de 2009.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 30 de outubro de 2009 complementaria da Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementarias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro, pola que se amplía a dotación orzamentaria inicialmente prevista nesta.

O Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro, dispón unha serie de medidas para a reparación dos danos e perdas causados polo citado fenómeno meteorolóxico.

O artigo 6 do citado Decreto 13/2009, establece un réxime de axudas por danos causados en vivendas. O artigo 12 establece que as citadas axudas financiaranse con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas e a disposición derradeira primeira faculta os distintos titulares dos departamentos autonómicos para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento do citado decreto.

En aplicación das citadas competencias publicouse a Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementarias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

Unha vez pechado o prazo de presentación establecido pola orde de convocatoria, resultou que o importe necesario para satisfacer o número de soli-

citades é moi superior aos 500.000 euros establecidos no seu artigo 16.

O artigo 10 da citada orde de convocatoria do 2 de febreiro de 2009 establece que, unha vez esgotados os créditos, se procederá á correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia* da citada circunstancia e á inadmisión das posteriores solicitudes. O derradeiro parágrafo do artigo 10 tamén establece que, non obstante esta consellería, de así o considerar, poderá ampliar o crédito previsto á vista das solicitudes presentadas sen que supoña a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Co obxecto de poder amparar un maior número de solicitudes, e posto que a dotación inicial é insuficiente, tramítase o correspondente expediente de ampliación de crédito, polo que é necesario aprobar esta resolución co obxecto de complementar a Orde do 2 de febreiro de 2009, ampliando a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das citadas axudas.

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, suprimiu a Consellería de Vivenda e Solo. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asumiu as competencias en materia de vivenda e solo en virtude do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O artigo 3º.b).3 do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixou a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, adscribiu o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS), á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, establece que lle corresponde a este organismo autónomo a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada.

A competencia do presidente do IGVS para ditar a presente resolución resulta do artigo 7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 4 do Decreto 317/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas polo Decreto 317/2009, do 4 de xuño, e de acordo coa Lei 9/2007, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 2 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 23, do 3 de febreiro) pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementa-

rias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

2. O incremento da dotación será de 1.726.344,52 euros, para a anualidade de 2009, con cargo á aplicación orzamentaria 17.90.451A.780.4 do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

3. En todo caso, as axudas financiadas con cargo á dotación orzamentaria prevista nesta resolución axustaranse ao establecido na Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os danos causados en vivendas e instalacións complementarias polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

Disposición adicional

Única.-A ampliación do crédito prevista no artigo único desta resolución non afecta ao prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 2 de febreiro de 2009.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 16 de outubro de 2009, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, pola que se fai pública a composición e o funcionamento da mesa de contratación permanente.

O artigo 295 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, establece que corresponde ao órgano de contratación nomear os membros da mesa de contratación.

O artigo 21.4º do Real decreto 917/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, establece que a designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato. Se é permanente, a súa composición deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo anteriormente exposto e, en virtude das competencias delegadas no artigo 5 da Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias